CONCELLO DE REDONDELA

DEPARTAMENTO: PERSOAL
EXP. NÚM.:2030/2021
ASUNTO: SELECCIÓN 8 SOCORRISTAS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO "SALVAMENTO CAMPAÑA VERÁN 2021"

RESOLUCIÓN

A Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG), núm.: 73, do 20/04/2021.

O Concello de Redondela presentou a solicitude para poder contratar anticipadamente a persoas traballadoras desempregadas e iniciar este proxecto de urxente posta en marcha, con data de 30/04/2021 e rexistro de entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia núm.: 2021/1012317, de acordo co previsto no artigo 16.º da antedita orde.

A xefa territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, con data de 03/05/2021, autorizou a contratación anticipada de 8 persoas desempregadas para a realización da obra ou servizo denominada "SALVAMENTO CAMPAÑA VERÁN 2021".

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2021/1264 , con data de 01/06/2021 , pola que aprobaba as bases que rexerán a contratación de 8 socorristas, asimilados a un grupo C, subgrupo C2 do Concello de Redondela, grupo de cotización 8, por medio dun contrato de traballo temporal, para a realización da obra ou servizo denominada "SALVAMENTO CAMPAÑA VERÁN 2021", de interese social, a tempo completo.

O obxectivo da presente convocatoria é garantir unha adecuada prestación do servizo de socorrismo para realizar a vixilancia e o salvamento nas praias deste

Digna Rosa Rivas Gómez (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 21/06/2021
HASH: 779fff037427597e54ebeb7008907042

María Ángeles García Villaverde (2 para 2)
Secretaria Xeral
Data de Sinatura: 21/06/2021
HASH: e4c96ea3434667641554de9201ba64d2

Cod. Validación: 9KMGS42TWSCQZNA53ERE6YZDM | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

concello ante a chegada do período estival. Dado que non se dispón dun servizo de carácter permanente está xustificada a imperiosa necesidade de pór en marcha o dito servizo, motivo polo cal o concello propón contratar 8 persoas para levalo a cabo, sendo esta unha necesidade urxente e inaprazable que se considera prioritaria e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais deste Concello.

De acordo coa subvención, as traballadoras e traballadores que se contraten deberán estar desempregados/as e inscritos/as no Servizo Público de emprego de Galicia como demandantes non ocupado e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. Os traballadores e as traballadoras que fosen contratados por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde.

Tras presentar a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, o día 30/04/2021 a Oficina de Emprego de Redondela remitíu o resultado da selección das persoas candidatas (Oferta 1a 12-2021-4135) .

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo Departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitíu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación neste proceso de selección.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos selectivos que se aprobaron con data de



Cod. Validación: 9KMGS42TWSCQZNA53ERE6YZDM | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

01/06/2021, alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-1367, con data de 11/06/2020, pola que se aprobaba a lista provisional de persoas admitidas deste proceso selectivo.

Logo de finalizar o prazo de subsanación de instancias de 3 días hábiles previsto nas bases reguladoras, é polo que, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, con carácter definitivo, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 8 SOCORRISTAS, ás seguintes persoas aspirantes:

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|---|
| 1º | CALVO GARCIA PABLO | *****044-X |
| 2º | ESCRIBANO OTERO ELENA | *****983-Z |
| 3º | FERNÁNDEZ ARAUJO ANGEL | *****950-Q |
| 4º | FERNÁNDEZ MAESTU GUSTAVO | *****919-J |
| 5º | PANADEIROS COVELO ALEJANDRO | *****837-Y |
| 6º | PAZÓ COUSO CARLA | *****478-V |
| 7º | POSADA BOUZÓN VERÓNICA | *****478-V |
| 8º | VILLAVERDE PARADA YAGO | *****748-G |
| 9 | GIRÁLDEZ COMESAÑA DÉBORA | *****051A |
| 10 | CORRAL SANTOS UXÍA | *****749-W |

***** Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados



Cod. Validación: 9KMGS42TWSCQZNA53ERE6YZDM | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Excluir, con carácter definitivo, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 8 SOCORRISTAS, ás seguintes persoas aspirantes:

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI | MOTIVO DE EXCLUSIÓN |
|---|---|---|---|
| 1 | BARBOSA MÁRQUEZ, ANTONIO | *****516-Q | FALTA TITULACIÓN ACADEMICA<br>FALTA DECLARACIÓN RESPONSABLE ANEXO IV |
| 2 | FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, LUCÍA | *****254-M | FALTA TITULACIÓN SOCORRISTA<br>FALTA TITULACIÓN ACADEMICA |
| 3 | GONZÁLEZ CASTRO CARMEN MARÍA | *****572-T | FALTA TITULACIÓN ACADEMICA |

TERCEIRO: Designar o tribunal cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Pablo Alonso Davila

Suplente**:** M.ª Lourdes Fernández Arines

VOGAIS:

Titular**:** Jose Delmiro Pampillón López

Suplente: Roberto Olivares Parga



Cod. Validación: 9KMGS42TWSCQZNA53ERE6YZDM | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

CONCELLO DE REDONDELA

Titular: Claudio Alberto Santorio Paleo

Suplente: Diego Rodríguez Otero

Titular: Irene Ríos Fernández

Suplente: Ana M.ª Barreiro Rivas

SECRETARIO:

Titular: Óscar Puch González
Suplente: Ignacio Romero Montes

ASESOR:
Arón Fernández Bernárdez

CUARTO: A constitución do tribunal terá lugar o:

DÍA: 22/06/2021
HORA: 9:00 horas
LUGAR: Nas dependencias da Policía Local

QUINTO: As persoas admitidas para os 8 postos de SOCORRISTAS, que deberán acudir para a 1ª e 2ª proba co DNI e, quedan convocadas na seguinte data:

DÍA: 23/06/2021
HORA: 20:15 horas
LUGAR: Na piscina municipal do Concello de Redondela

SEXTO: As persoas admitidas para os 8 postos de SOCORRISTAS, que deberán acudir para a proba "COMBINADA DE SALVAMENTO EN MAR" co DNI e as súas propias aletas, quedan convocadas na seguinte data:



Cod. Validación: 9KMGS42TWSCQZNA53ERE6YZDM | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

CONCELLO DE REDONDELA

DÍA: 25/06/2020

HORA: 17:00 horas

LUGAR: Na praia de Cesantes, caseta de Protección Civil.

SEXTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación definitiva de persoas admitidas, o tribunal cualificador e a data de realización da proba práctica da fase de oposición deste proceso selectivo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: 9KMGS42TWSCQZNA53ERE6YZDM | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6